

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3178 *Lei 1/2015, do 24 de marzo, reguladora da Biblioteca Nacional de España.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I. *Xustificación*

A Biblioteca Nacional de España (BNE) garda a memoria do Estado español, conserva o saber e difunde o coñecemento. É unha institución aberta ao servizo dos cidadáns que, ao longo do tempo, soubo adaptarse de maneira permanente a un futuro de innovación e aos cambios científicos, tecnolóxicos e culturais da sociedade. É, ademais, o centro de referencia informativo e documental sobre a cultura escrita en español no ámbito nacional e internacional.

A Biblioteca Nacional de España garante desde hai máis de 300 anos a conservación das diferentes culturas de España e a súa transmisión ás futuras xeracións. A súa historia durante este longo período de tempo foi paralela á propia historia de España e as súas coleccións reflicten a evolución da creación literaria, do pensamento, da arte, da música e da ciencia españois.

A Biblioteca Nacional de España debe hoxe, e no futuro, seguir cumprindo a súa misión específica nun contexto de cambio tecnolóxico e de innovación permanente e adaptarse a un contorno en que se produciron cambios radicais na forma de crear, editar, difundir e acceder á cultura, o que xerou novas formas de almacenamento, conservación e transmisión do saber nun mundo onde prevalecen os contidos e non os soportes.

No momento actual, a Biblioteca Nacional de España desenvolve a súa misión nun contorno cambiante que obriga a definir un novo modelo de biblioteca. Nun contexto en que a cultura se xera en diversos tipos de soportes e no cal os contidos teñen un alto grao de obsolescencia, a Biblioteca Nacional de España debe garantir a conservación, preservación e transmisión da información e do coñecemento a través dun modelo con estruturas orgánicas e funcionais máis áxiles. Por outro lado, experimentouse un cambio importante, tanto nos procedementos de traballo internos como nos servizos aos usuarios. A adaptación ás tecnoloxías da información e do coñecemento obriga a novos enfoques do servizo público, con maiores niveis de exixencia, que garantan a accesibilidade ás súas coleccións e servizos non só de maneira presencial senón tamén mediante o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica que faciliten unha maior accesibilidade e uso das súas coleccións desde calquera lugar do mundo.

A súa consideración como primeira institución bibliotecaria española convértea por si mesma en centro de referencia e asesoramento para o desenvolvemento de políticas bibliotecarias encamiñadas a xerar proxectos de mellora no ámbito español. Igualmente, é necesario reforzar o seu papel como centro xerador de normativa profesional e coordinador de proxectos de cooperación que supoñan a posta en marcha de instrumentos comúns de acceso á información e proporcionen servizos eficaces para outras institucións españolas.

Tamén se debe fomentar a importante tarefa que ten que realizar a Biblioteca Nacional de España como centro de apoio á investigación científica e técnica, recoñecida na Lei 14/2011, do 14 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a investigación, favorecendo a creación e difusión do coñecemento sobre a cultura e a ciencia españolas e fomentando a reutilización da información que xera como valor estratéxico de desenvolvemento.

A isto hai que engadir o papel que nun mundo globalizado debe cumprir a Biblioteca Nacional de España como centro de referencia internacional de acceso á información e ao coñecemento en español, especialmente en relación con aqueles países con que se comparte unha historia e unha lingua comúns.

Por outro lado, a Biblioteca Nacional de España, como institución pública, debe adoptar os mecanismos de avaliación necesarios que lle faciliten a máxima eficiencia na súa xestión, de tal maneira que se melloren tanto os procesos internos como o servizo que presta á cidadanía.

A Biblioteca Nacional de España debe tamén seguir fomentando a súa política de apertura e achegamento á cidadanía, favorecendo a consecución dos seus fins e a difusión das súas coleccións a través do desenvolvemento dunha programación cultural dirixida a distintos públicos, que redunde nunha maior formación e nun mellor acceso á cultura. Igualmente, é necesario traballar en accións que sirvan de apoio e fomenten os traballos de investigación sobre as coleccións que se conservan, de tal maneira que se xere un maior coñecemento e difusión sobre a cultura española.

II. *Da Real Biblioteca Pública á Biblioteca Nacional de España*

Foi creada en 1711 por Felipe V como Real Biblioteca Pública. Desde entón permaneceu sempre fiel ao seu principio básico de reunir, catalogar, conservar, difundir e transmitir o patrimonio bibliográfico e documental español.

A Biblioteca Nacional de España abriu as súas portas ao público o 1 de marzo de 1712. Era vontade do seu fundador, Felipe V, primeiro rei da dinastía Borbón, consciente da función formadora dos libros e convencido da necesidade da cultura como medio de avance e mellora das sociedades, pór á disposición dos españois as propias coleccións da súa biblioteca á cal se uniu a colección real procedente dos Austrias. A este núcleo fundacional fóronse engadindo, desde hai máis de 300 anos, bibliotecas de nobres, eruditos e bibliófilos, coleccións procedentes das desamortizacións, exemplares a través do depósito legal ou procedentes de compra ou donativo, o que deu lugar a un excepcional conxunto de gran valor patrimonial que, desde o primeiro momento, se converteu no centro depositario da produción cultural española.

En 1716, por medio dun privilexio real, decretouse a obrigação para os impresores de depositar na Biblioteca un exemplar de todo o que se imprimía en España. O dito privilexio é o antecedente da actual Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal, pola cal os editores da produción cultural, en calquera tipo de soporte, deben depositar un determinado número de exemplares na Biblioteca Nacional de España, converténdoa así no lugar onde se conserva a memoria da cultura española.

En 1761, a Fundación da Imprenta Real vinculou o labor impresor da Biblioteca aos máis destacados impresores, encadernadores e gravadores da época.

Durante o século XVIII incrementáronse as súas coleccións e foise estabilizando a súa organización interna, o que lle permitiu na segunda metade do século XIX evolucionar até converterse en Biblioteca Nacional, consolidar a súa misión como institución responsable da conservación e difusión do patrimonio bibliográfico e documental español, e acrecentar o seu carácter de biblioteca pública ao servizo da cidadanía. Tamén durante o século XIX e como consecuencia das sucesivas desamortizacións ingresaron na Biblioteca Nacional fondos procedentes de conventos, catedrais, cabidos e ordes militares, o que supuxo un aumento importante das súas coleccións, tanto polo elevado número de volumes como polo seu valor patrimonial. Adquiríronse tamén nesta época coleccións privadas de eruditos e bibliófilos de gran valor patrimonial. O crecemento das súas coleccións nun momento de estabilidade e a súa consideración como biblioteca pública e institución fundamental para a cultura española deron lugar a unha época de

esplendor e á consolidación da Biblioteca Nacional como institución fundamental para a historia de España.

En 1985, por medio do Real decreto 565/1985, do 24 de abril, intégranse na Biblioteca Nacional a Hemeroteca Nacional, o Instituto Bibliográfico Hispánico e o Centro do Tesouro Documental e Bibliográfico.

Ao longo da súa dilatada vida, a Biblioteca Nacional de España pasou por diversos períodos e variou a súa denominación de acordo tanto con cambios na súa dependencia como na súa consideración. Entre 1712 e 1836 foi Real Biblioteca Pública, para pasar en 1836 a denominarse Biblioteca Nacional e en 2009, tras a aprobación do seu novo estatuto, Biblioteca Nacional de España.

A Biblioteca Nacional de España, que actualmente conta con dúas sedes, o edificio do Paseo Recoletos, aberto ao público en 1896, e a súa segunda sede de Alcalá de Henares, inaugurada en 1993, é a institución onde se conserva, difunde e transmite a cultura escrita, gráfica e audiovisual española e o centro de referencia para o hispanismo internacional. As súas coleccións –de incalculable valor patrimonial– inclúen manuscritos, incunables, impresos antigos, estampas, debuxos, fotografías, gravacións sonoras e audiovisuais, partituras, mapas, prensa, revistas, carteis e outros materiais. Este fondo séguese incrementando a través do depósito legal, compra, donativo ou troca.

III. *Historia xurídica. Evolución administrativa*

A primeira organización formal da Biblioteca tivo lugar por medio de Real decreto fundacional, o 2 de xaneiro de 1716, que serviu tamén para aprobar as denominadas primeiras constitucións. Estas, en vinte artigos, declaraban xa o carácter público da Biblioteca, aberta a «todo xénero de profesores» ou «a todos os estudosos», e establecían as competencias e os deberes dos distintos «oficiais». Ese mesmo ano, mediante o Real decreto do 15 de outubro, regulouse a obrigatoriedade de depositar na Biblioteca un exemplar encadernado de todo o que se imprimise no Reino.

En 1750 estableceuse o prazo de oito días para que a Real Biblioteca Pública exercese o dereito de tanteo sobre os exemplares postos á venda, o que permitía a adquisición, a través de poxas, de exemplares patrimoniais de valor para a cultura española.

En 1761 Carlos III aprobou unhas novas constitucións, que modificaron as de 1716, polas que se estableceron novas normas de funcionamento, que subliñaron o carácter de institución pública ao servizo dos usuarios, e fundouse a Imprenta Real.

En 1836 a Real Biblioteca Pública pasou a depender do Ministerio da Gobernación e cambiou a súa denominación pola de Biblioteca Nacional, consolidando a súa misión como institución responsable da conservación e difusión do patrimonio bibliográfico e documental español.

O Decreto orgánico de 1856 e o Regulamento de funcionamento de 1857, que substituíron as antigas constitucións de 1761, reforzárona na súa vocación de biblioteca pública e no seu papel como centro bibliográfico español.

En 1896 un novo real decreto regulou a obrigatoriedade de entregar toda obra impresa á Biblioteca Nacional e en 1930 creouse o seu padroado.

En 1932 estableceuse que a dirección da Biblioteca Nacional debía ser desempeñada por un membro do corpo facultativo.

En 1957 aprobouse un novo decreto orgánico e un regulamento da Biblioteca que intentou modernizar a súa estrutura. Nese mesmo ano aprobouse o Regulamento regulador do depósito legal.

Por medio do Real decreto 848/1986, do 25 de abril, determínanse as funcións e apróbase a estrutura básica da Biblioteca, logo desenvolvida mediante orde ministerial aprobada o mesmo ano.

A Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, transformou a Biblioteca Nacional en organismo autónomo e mediante o Real decreto 1581/1991, do 31 de outubro, aprobouse o seu estatuto regulador. Recentemente, por medio do Real decreto 1638/2009, do 30 de outubro, aprobouse o novo Estatuto, polo

que o organismo pasou a adoptar a súa denominación actual, Biblioteca Nacional de España.

O 29 de xullo de 2011 aprobouse a Lei de depósito legal, que incluía os documentos electrónicos e os sitios web. Desta maneira, adaptouse a misión conservadora e transmisora da Biblioteca Nacional de España aos novos soportes do coñecemento.

IV. *Contido da lei*

Con esta lei, de acordo co previsto no artigo 63.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, sen alterar o carácter de organismo autónomo da institución, establécense determinadas peculiaridades relativas á súa organización e aos seus recursos económicos, para a consecución da estabilidade que a Biblioteca Nacional de España necesita para o cumprimento dos seus fins, así como para unha xestión máis eficiente dos seus recursos.

O capítulo I regula a denominación, natureza, réxime xurídico, autonomía e fins e funcións da Biblioteca Nacional de España. A institución manterá a súa natureza de organismo autónomo e personalidade xurídica propia con autonomía de xestión de conformidade co establecido nesta lei e no resto de normas aplicables.

Recóllense tamén os fins xerais consistentes en: «reunir, describir e garantir a protección, enriquecemento, conservación e transmisión no exercicio das súas funcións, do patrimonio bibliográfico e documental, tanto o producido en España como o xerado sobre a cultura española», «garantir o acceso e a difusión das súas coleccións co fin de fomentar a súa utilización, como medio de enriquecemento cultural, social e económico», así como «promover e desenvolver políticas bibliotecarias en relación co patrimonio bibliográfico e documental español».

O capítulo II regula a organización da Biblioteca Nacional de España e establece que serán órganos reitores a Presidencia, o Real Padroado e a Dirección.

A Presidencia da Biblioteca Nacional de España corresponde a quen sexa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, ao cal corresponde «a alta dirección do organismo», «a aprobación do plan estratéxico plurianual, o plan anual de obxectivos, a memoria anual de actividades e o anteproxecto de orzamentos do organismo», «o control de eficacia da xestión do organismo» e «elevar ao Consello de Ministros proposta de nomeamento da persoa que ocupe a Dirección da Biblioteca Nacional de España, logo de consulta ao Real Padroado a cuxa consideración someterá os criterios que se terán en conta para o nomeamento».

Realízase unha detallada regulación do Real Padroado, cuxa presidencia de honra corresponde a SS.MM. os reis de España. O Real Padroado poderá actuar en pleno e en comisión permanente. A Presidencia da institución «desempeñará a representación institucional da Biblioteca Nacional de España e convocará e presidirá o Real Padroado en pleno e en comisión permanente»; o Pleno «establecerá, no marco desta lei e do estatuto, os principios de organización e dirección da Biblioteca Nacional de España, determinará as directrices da súa actuación e velará polo seu cumprimento nos termos que fixe o estatuto», e a Comisión Permanente «impulsará e supervisará a estratexia e as liñas de actuación da Biblioteca Nacional de España fixadas polo Pleno do Real Padroado, nos termos que determine o estatuto».

Á fronte do organismo existirá unha persoa encargada da dirección con categoría de director xeral, que será nomeada e separada por real decreto acordado en Consello de Ministros. A súa designación atenderá aos principios de mérito, capacidade e idoneidade.

Corresponde á Dirección da Biblioteca Nacional de España dirixir a xestión do organismo, adoptando as medidas que conduzan ao cumprimento dos fins e obxectivos sinalados polo Real Padroado, desempeñar a súa representación oficial en ausencia da persoa que ocupe a Presidencia, a contratación en nome do organismo, a disposición de gastos, a ordenación de pagamentos e a rendición de contas ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como aquelas outras funcións que lle sexan atribuídas polo estatuto.

Prevese que no Estatuto da Biblioteca Nacional de España se regulará a composición e o funcionamento dun comité científico, con funcións consultivas. Igualmente, establécese que o Estatuto constituirá e regulará o Consello de Dirección.

O capítulo III regula o réxime de persoal da Biblioteca Nacional de España. O dito persoal, de conformidade co establecido no artigo 47.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, será funcionario ou persoal laboral, nos mesmos termos establecidos para a Administración xeral do Estado.

No capítulo IV regúlase o réxime patrimonial, recoñecendo que a Biblioteca Nacional de España terá un patrimonio propio e que tamén poderá dispor, en calidade de bens adscritos, de bens do patrimonio do Estado.

A xestión e administración destes bens serán exercidas de conformidade co establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e, respecto dos bens de interese cultural, someterase ao réxime establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

O capítulo V regula o réxime de contratación, os recursos económicos, os ingresos por actividades propias e cesión de espazos, a participación en sociedades e fundacións, o réxime orzamentario, o réxime de contabilidade e o control económico-financeiro.

Na regulación do réxime de contratación realízase unha remisión xeral ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Entre os recursos económicos prevese que o Real Padroado «realizará un labor activo de captación de recursos propios, especialmente os derivados das achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares e dos ingresos recibidos como consecuencia do patrocinio de instalacións».

Establécese que a Biblioteca Nacional de España poderá participar en sociedades ou fundacións que teñan fins comúns coa Biblioteca.

O control económico-financeiro será o fixado na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e demais normativa que resulte de aplicación.

Na disposición adicional primeira establécese que, para contribuír á difusión do patrimonio plurilingüe do Estado español, se promoverá o uso das distintas linguas oficiais do Estado. Na disposición adicional segunda recóllese que as instalacións e os servizos prestados serán accesibles ás persoas con discapacidade. Na disposición transitoria única regúlase o nomeamento dos novos vogais do Real Padroado.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Denominación e natureza.*

A Biblioteca Nacional de España é un organismo autónomo dos previstos na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, adscrito ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e forma parte do Sistema Español de Bibliotecas, de acordo co establecido na Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.

A Biblioteca Nacional de España é o centro depositario do patrimonio bibliográfico e documental español que se produce en calquera tipo de soporte ou medio. Ten como misión reunir, catalogar, conservar, incrementar, xestionar, difundir e transmitir, en cumprimento dos seus fins, o patrimonio bibliográfico e documental español e sobre España publicado no estranxeiro, como fonte de coñecemento para toda a sociedade española e internacional, garantindo a súa integridade e facilitando o acceso a el a toda a cidadanía e ás xeracións futuras.

Artigo 2. *Réxime xurídico e autonomía.*

1. A Biblioteca Nacional de España ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión, e axustará a súa actuación ao disposto na presente lei; na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español; na Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas; na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas; na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; na Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal; no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e demais disposicións aplicables aos organismos autónomos.

2. De acordo co previsto no artigo 63.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, a Biblioteca Nacional de España, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas funcións, rexerase na súa actuación, ademais, polas especialidades previstas nesta lei.

Artigo 3. *Fins e funcións.*

Son fins esenciais da Biblioteca Nacional de España os seguintes:

1. Reunir, describir e garantir a protección, o enriquecemento, a conservación e a transmisión, no exercicio das súas funcións, do patrimonio bibliográfico e documental, tanto o producido no Estado español como o xerado sobre as súas diferentes culturas. Para conseguir este fin desenvolve as seguintes funcións:

a) Actuar como centro depositario e de conservación da produción cultural española en calquera soporte, incluídos os documentos electrónicos e sitios web, nos termos establecidos pola lexislación sobre o depósito legal, e exercer a alta inspección e o seguimento do seu cumprimento.

b) Catalogar e describir as coleccións físicas e dixitais de tal maneira que quede garantido o acceso e a recuperación de toda a información sobre o patrimonio bibliográfico e documental.

c) Elaborar a bibliografía do Estado español de maneira que sirva como instrumento de referencia actualizada para o control bibliográfico da produción editorial e a creación de catálogos das súas bibliotecas.

d) Incrementar as súas coleccións, especialmente aquelas de maior valor e significado para o patrimonio bibliográfico e documental.

e) Garantir a preservación e conservación das súas coleccións a través da realización dos plans de preservación necesarios e das medidas de seguridade oportunas.

f) Recoller, preservar e conservar os contidos dixitais sobre as culturas españolas e garantir a súa conservación e accesibilidade con fins económicos, culturais, de investigación ou de información.

2. Garantir o acceso e a difusión das súas coleccións co fin de fomentar a súa utilización, como medio de enriquecemento cultural, social e económico. Para conseguir este fin desenvolve as seguintes funcións:

a) Fomentar a investigación científica e o coñecemento sobre as diferentes culturas do Estado español, proporcionando servizos de calidade aos investigadores.

b) Desenvolver unha política activa de dixitalización das súas coleccións para garantir a súa preservación e favorecer a creación da biblioteca dixital do patrimonio bibliográfico e documental do Estado español.

c) Desenvolver unha programación de exposicións e actividades culturais que cumpran co obxectivo de difundir o valor das súas coleccións e achegar a institución á cidadanía.

d) Impulsar e apoiar programas de investigación tendentes á xeración de coñecemento sobre as súas coleccións, establecendo espazos de diálogo con centros de investigación e investigadores de todo o mundo.

3. Promover e desenvolver políticas bibliotecarias en relación co patrimonio bibliográfico e documental do Estado español. Para conseguir este fin desenvolve as seguintes funcións:

a) Exercer de centro de referencia no ámbito da normativa técnica bibliotecaria, mediante a súa elaboración e actualización, co obxecto de favorecer os proxectos de cooperación.

b) Participar activamente en foros, federacións, fundacións, colexios, asociacións e outras organizacións profesionais, así como en programas e proxectos, tanto de ámbito nacional como internacional, fundamentalmente aqueles de ámbito europeo e iberoamericano.

c) Fomentar e colaborar en programas de formación vinculados coa profesión bibliotecaria e coas ciencias da documentación.

d) Impulsar e colaborar na creación de catálogos bibliográficos e bases de datos colectivas, así como na unificación de bibliotecas e repositorios dixitais, de tal maneira que contribúa a mellorar o acceso ao patrimonio bibliográfico e documental.

CAPÍTULO II

Organización e funcionamento da Biblioteca Nacional de España

Artigo 4. *Órganos reitores e consultivos da Biblioteca Nacional de España.*

1. Os órganos reitores da Biblioteca Nacional de España son os seguintes:

- a) A Presidencia.
- b) O Real Padroado.
- c) A Dirección.

2. Os órganos consultivos son o Consello de Dirección e o Comité Científico. O Estatuto da Biblioteca Nacional de España regulará a súa composición e o seu funcionamento.

Artigo 5. *A Presidencia da Biblioteca Nacional de España.*

1. A Presidencia da Biblioteca Nacional de España corresponde a quen sexa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

2. Corresponde á Presidencia:

- a) A alta dirección do organismo.
- b) A aprobación do plan estratéxico plurianual, do plan anual de obxectivos, da memoria anual de actividades e do anteproxecto de orzamentos do organismo.
- c) O control de eficacia da xestión do organismo.
- d) Elevar ao Consello de Ministros proposta de nomeamento da persoa que ocupe a Dirección da Biblioteca Nacional de España, logo de consulta ao Real Padroado a cuxa consideración someterá os criterios que se terán en conta para o nomeamento.

Artigo 6. *O Real Padroado da Biblioteca Nacional de España. Composición.*

1. O Real Padroado é o órgano reitor Colexiado da Biblioteca Nacional de España.
2. A presidencia de honra do Real Padroado corresponde a SS.MM. os reis de España.
3. O pleno do Real Padroado está integrado por un mínimo de dezasete vogais e un máximo de trinta, once dos cales terán o carácter de natos conforme o estatuto, tres

deles representantes das bibliotecas das comunidades autónomas, designados rotatoriamente pola Conferencia Sectorial de Cultura.

4. O resto dos vogais terán o carácter de designados e serán nomeados e separados pola persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte entre persoas de recoñecido prestixio ou competencia no ámbito da cultura, da investigación científica e da economía ou que se distinguen pola súa colaboración ou apoio á Biblioteca Nacional de España, tendo en conta o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes. Os vogais designados desempeñarán durante tres anos o seu mandato, que poderá ser renovado por períodos de igual duración. O seu cesamento producirase ao final do seu mandato ou por renuncia, revogación do mandato, falecemento ou incapacidade.

5. O pleno do Real Padroado elixirá, entre os vogais por designación, aqueles que ocupen a presidencia e a vicepresidencia, que serán nomeados pola persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte por un período de cinco anos. Así mesmo, o pleno, por proposta da dirección, designará a persoa titular da Secretaría, que será funcionario da Biblioteca Nacional de España e non terá a condición de membro do dito padroado.

6. O padroado terá unha comisión permanente cuxa composición será a que se estableza no estatuto.

Artigo 7. *Funcionamento do Real Padroado da Biblioteca Nacional de España.*

O Real Padroado actúa en pleno e en comisión permanente. O pleno estará integrado pola totalidade dos seus membros.

O padroado reunirse ao menos dúas veces ao ano en sesión ordinaria e cantas sexa necesario en sesión extraordinaria, logo de convocatoria da Presidencia.

Artigo 8. *Funcións do Real Padroado.*

1. A Presidencia do Real Padroado desempeñará a representación institucional da Biblioteca Nacional de España e convocará e presidirá o Real Padroado en pleno e en comisión permanente.

2. O pleno do Real Padroado establecerá, no marco desta lei e do estatuto, os principios de organización e dirección da Biblioteca Nacional de España, determinará as directrices da súa actuación e velará polo seu cumprimento nos termos que fixe o estatuto.

3. A comisión permanente impulsará e supervisará a estratexia e as liñas de actuación da Biblioteca Nacional de España fixadas polo pleno do Real Padroado, nos termos que determine o estatuto.

Artigo 9. *A Dirección da Biblioteca Nacional de España. Nomeamento e funcións.*

1. A persoa que ocupe a dirección, que terá categoría de director xeral, será nomeada e separada por real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta de quen sexa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia en relación cos fins e obxectivos da Biblioteca Nacional de España.

Para tales efectos, acudirse a un sistema de preselección que garanta a publicidade e concorrencia, e que asegure a participación do Real Padroado, co asesoramento de profesionais do ámbito bibliotecario e documental. A súa designación atenderá aos principios de mérito, capacidade e idoneidade.

2. Corresponde á Dirección da Biblioteca Nacional de España dirixir a xestión do organismo adoptando as medidas que conduzan ao cumprimento das directrices de actuación sinaladas polo Real Padroado, desempeñar a súa representación oficial en ausencia da persoa que ocupe a presidencia, a contratación en nome do organismo, a disposición de gastos, a ordenación de pagamentos e a rendición de contas ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos

establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como aqueloutras funcións atribuídas polo estatuto.

Artigo 10. *O comité científico.*

O Estatuto da Biblioteca Nacional de España regulará a composición e o funcionamento dun comité científico responsable de asesorar na participación de programas e proxectos de investigación nacionais e internacionais que estuden as coleccións da Biblioteca Nacional de España, así como en todos aqueles aspectos relacionados coa xeración de contidos tendentes a proporcionar un mellor coñecemento sobre as coleccións e a levar a cabo proxectos de desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

CAPÍTULO III

Réxime de persoal

Artigo 11. *Persoal da Biblioteca Nacional de España.*

1. De conformidade co establecido no artigo 47.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, o persoal ao servizo da Biblioteca Nacional de España terá a consideración de empregado público con suxeición á Lei 7/2007, do 12 de outubro, do Estatuto básico do empregado público, e demais normas concordantes.

2. O persoal ao servizo da Biblioteca Nacional de España estará suxeito ao réxime de incompatibilidades establecido con carácter xeral para o persoal ao servizo das administracións públicas.

CAPÍTULO IV

Réxime patrimonial

Artigo 12. *Réxime patrimonial.*

1. A Biblioteca Nacional de España terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio, distinto ao da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens e dereitos de que é titular.

2. Así mesmo, quedarán adscritos ao organismo, para o cumprimento dos seus fins, os bens do patrimonio do Estado que acorde o órgano correspondente.

3. A xestión e administración dos bens e dereitos propios, así como daqueles do patrimonio do Estado que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins, serán exercidas de acordo co sinalado no estatuto, con suxeición en todo caso ao establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

4. Aqueles bens de interese cultural que formen parte do patrimonio da Biblioteca Nacional de España ou estean adscritos a ela, sexan mobles ou inmoables, someteranse ao réxime especial de protección e tutela establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

CAPÍTULO V

Réxime de contratación, orzamentario e económico-financieiro

Artigo 13. *Réxime de contratación.*

O réxime de contratación da Biblioteca Nacional de España rexeráse polo disposto na lexislación de contratos do sector público.

Artigo 14. Recursos económicos.

1. Os recursos económicos da Biblioteca Nacional de España poderán provir das seguintes fontes:

- a) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio.
- b) Os produtos e as rendas do dito patrimonio.
- c) As consignacións específicas que teña asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- d) As transferencias correntes ou de capital que procedan das administracións ou entidades públicas.
- e) Os ingresos ordinarios e extraordinarios, xa sexan de dereito público ou privado, que, segundo as disposicións polas que se rexe, a Biblioteca Nacional de España estea autorizada a percibir e, en particular, os que procedan da venda de publicacións en calquera medio ou soporte e doutra clase de obxectos, da realización de cursos, xornadas e seminarios, convenios de cooperación e das actividades propias deste organismo como o préstamo interbibliotecario, a reprodución de documentos, as buscas bibliográficas delegadas, a difusión selectiva da información, ou calquera outra actividade ou servizo relacionados coas funcións do organismo.
- f) As subvencións, achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e outras achegas de entidades privadas e de particulares.
- g) Os ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do mecenado, do patrocinio de actividades ou instalacións.
- h) Calquera outro recurso que poida serlle atribuído.

2. Os recursos especificados no parágrafo anterior, con excepción dos sinalados nas letras c) e d), constituirán os recursos propios do organismo.

3. O Real Padroado da Biblioteca Nacional de España realizará un labor activo de captación de recursos propios, especialmente os derivados das achegas a título gratuíto de entidades privadas e de particulares e dos ingresos recibidos como consecuencia do patrocinio de instalacións.

Artigo 15. Ingresos por actividades propias e cesión de espazos.

1. Os ingresos da Biblioteca Nacional de España derivados das actividades propias da Biblioteca terán a natureza de taxas ou prezos públicos, ao abeiro do disposto na Lei /1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

O establecemento ou modificación da contía dos prezos públicos farao a Biblioteca Nacional de España, logo de autorización do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

2. Os ingresos procedentes da utilización ou cesión de espazos dos inmobles, propios ou adscritos, que estean cualificados como demaniais, teñen a natureza de taxa e regúlanse no capítulo VI do título I da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público. A determinación da contía ou a súa modificación farase a través de orde ministerial.

3. A xestión e recadación dos prezos e das taxas será realizada pola Biblioteca Nacional de España, que os ingresará no seu patrimonio.

4. Serán ingresos de dereito privado os demais que perciba a Biblioteca Nacional de España pola prestación de servizos ou pola realización de actividades que, de acordo coa lei, non teñan natureza tributaria, non constitúan prezos públicos e non deriven do exercicio de potestades administrativas.

Artigo 16. Participación en sociedades ou fundacións.

Cando sexa imprescindible para a consecución dos fins que ten asignados, a Biblioteca Nacional de España poderá participar en sociedades, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro cuxo obxecto sexa acorde cos fins da Biblioteca Nacional

de España, nos termos establecidos pola lexislación vixente e do modo que se determine no seu estatuto.

Corresponderá ao Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e por iniciativa da persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, autorizar os actos de adquisición de títulos representativos do capital de sociedades mercantís, sexa por subscripción ou compra, no caso de que a autorización do Consello de Ministros non resulte preceptiva conforme o disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Artigo 17. *Réxime orzamentario.*

A Biblioteca Nacional de España elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento e remitirao ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para a súa posterior tramitación, de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Unha vez aprobado o orzamento, este farase público no sitio web da Biblioteca Nacional de España, de acordo cos principios de transparencia e bo goberno.

Artigo 18. *Contabilidade.*

A Biblioteca Nacional de España estará sometida ao Plan xeral de contabilidade pública, de acordo co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 19. *Réxime económico-financeiro.*

1. O réxime económico-financeiro e de control da xestión económico-financeira da Biblioteca Nacional de España será o establecido para os organismos autónomos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e demais normativa que resulte de aplicación.

2. O exercicio do control interno da xestión económico-financeira, a través da función interventora e do control financeiro permanente, levarao a cabo a Intervención Delegada na Biblioteca Nacional de España.

Disposición adicional primeira. *Utilización das distintas linguas oficiais do Estado.*

Atendendo á esencia da Biblioteca Nacional de España como referente cultural de alcance internacional, e co fin de contribuír á difusión e normalización do patrimonio plurilingüe do Estado español, promoverase nos materiais editados por este organismo, así como na información inherente á obra exposta e naquela que se ofrece aos visitantes, o uso das distintas linguas oficiais do Estado. Prestarase unha especial atención á edición en linguas cooficiais dos materiais en formato electrónico.

Disposición adicional segunda. *Accesibilidade das persoas con discapacidade.*

De acordo coa lexislación sectorial aplicable, as instalacións e os servizos prestados pola Biblioteca Nacional de España serán accesibles ás persoas con discapacidade, que constituirán un grupo social de especial referencia para a actuación deste organismo.

Disposición transitoria única. *Duración do mandato de vogais do Real Padroado.*

1. Até a entrada en vigor do novo Estatuto da Biblioteca Nacional de España continuarán como vogais natos do Real Padroado os indicados no Real decreto 1638/2009, do 30 de outubro, polo que se aproba o Estatuto da Biblioteca Nacional de España.

2. No momento da entrada en vigor da presente lei procederase á renovación de vogais designados do Real Padroado. Poderán ser reelixidos aqueles cuxo mandato se encontre vixente no momento da entrada en vigor desta lei.

A duración do seu mandato, con independencia da súa data de elección, será a establecida nesta lei.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o artigo 97 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 1991, así como todas as disposicións do mesmo ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.28.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal.

Disposición derradeira segunda. *Mantemento de determinadas disposicións.*

O Real decreto 1638/2009, do 30 de outubro, polo que se aproba o Estatuto da Biblioteca Nacional de España, manterase en vigor, no que non se opoña a esta lei, até a entrada en vigor do novo Estatuto da Biblioteca Nacional de España.

Disposición derradeira terceira. *Aprobación do estatuto.*

Tras a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará coa maior brevidade posible o novo Estatuto da Biblioteca Nacional de España, e adecuarao a ela.

Disposición derradeira cuarta. *Non incremento de gasto.*

A posta en marcha das medidas incluídas na presente lei non suporá incremento de dotacións nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 24 de marzo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY